As Irmandades da Fala

As Irmandades da Fala creáronse para a defensa, dignificación e cultivo do idioma; a primeira das Irmandades fúndase na Coruña en 1916, o 18 de maio unha xuntanza nos locais da Real Academia Galega, á que asistiron arredor de 20 persoas, acordou a creación dunha **Irmandade dos Amigos da Fala** que tiña como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galicia. Séguena outras repartidas polas principais cidades e vilas de Galicia (Ferrol, Ourense, Betanzos, Santiago..).

As Irmandades da Fala preocúpanse por recuperar e modernizar a tradición cultural galega e superar o complexo de inferioridade dos galegofalantes.

Para difundiren o seu ideario editaron unha publicación periódica totalmente en galego: **A Nosa Terra**. Os seus membros máis salientables foron os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Rísco, Ramón Cabanillas, etc.

Os seus principais **obxectivos** son:

• **Autonomía** para Galicia.

• **Cooficialidade** entre o galego e o castelán

• Crear unha institución para solucionar os problemas de Galicia

• Fomentar o **ensino** e a cultura do pobo galego.

• **Igualdade** de dereitos da muller.

As Irmandades fomentaban a **participación** na **política** e na **cultura.** Esta última liderada por Vicente Risco.

O traballo cultural das Irmandades dividiuse en varias direccións.

• Centráronse no traballo a prol do **emprego da lingua** en distintas institucións como: o ensino, actos culturais, etc.

• Co xornal A Nosa Terra axudaron a potenciar a **actividade editorial**. Fundaron editoriais como Céltiga, Lar ou Nós. Nestas promóvense a narrativa breve e de carácter popular.

• Funda **conservatorios** e escolas de actores.

• Un universitario crea o **Seminario de Estudos Galegos** para investigar e interpretar a realidade de Galicia.

As Irmandades promoveron a elaboración de **diccionarios** e **gramáticas**,de estudos linguísticos.